



Mil festas máis para a lingua galega



Casto Sampedro e Folgar



As festas populares en Galicia constitúen un referente na vida social dos galegos. As festas patronais foron, de vello, fórmulas de convivencia sentidas e queridas polas comunidades parroquiais. Vilas e aldeas celebran cadansúa festa; e por veces, dúas. Durante moitos séculos foron as festividades relixiosas as protagonistas deses sonados acontecementos populares. Pero desde hai vintecinco anos para acó, aproximadamente, apareceron as festas gastronómicas, e máis recentemente as de remarcado carácter conmemorativo histórico.

3.- Establecer que as programacións culturais que contén coa axuda dalgún organismo público deben garantir a presenza vehicular da lingua galega e unha notable porcentaxe de produción cultural galega.

A rivalidade entre elas maniféstase no número de concorrentes que acuden ás diversas convocatorias.

Galicia celebra durante o ano máis de sete milleiros de eventos festivos. Esta cantidade supón un investimento total, aproximado, de 300 millóns de euros, coferíndolle a Galicia un elevado censo de profesionais dedicados á música e espectáculo.

Os efectos da globalización inciden negativamente na programación destas festas e celebracións lúdicas. A marxinación dos sinais de identidade da nosa cultura aparecen diluídos ou obviados, impedindo deste xeito que estes espazos de lecer sexan os lugares de reencontro dos galegos coa súa peculiar idiosincrasia cultural.

O Plan Xeral de Normalización Lingüística de Galicia, aprobado polo Parlamento de Galicia en setembro de 2004, apunta como puntos débiles a insuficiente presenza do galego nos espectáculos das festas populares, e a escasa difusión da produción cultural en lingua galega. Unámoslle a estes déficits a ocultación dos valores singulares históricos ou etnográficos dos lugares de referencia.



As corporacións locais están obrigadas, ademais, por mandato legal (Estatuto de Autonomía e Lei de Normalización Lingüística) a promover e fomentar o uso da lingua galega en tódalas ordes da vida social, cultural e económica, debendo ser elas as primeiras en daren exemplo nas programacións propias para mellor orientación das comisións de festas populares.

Velaí porque consideramos, que ao abeiro dos mandatos legais e do Plan Xeral de Normalización Lingüística, promovamos a campaña de fomento de todos eses valores co rubro de MIL FESTAS MÁIS PARA A LINGUA GALEGA, que recolla os seguintes obxectivos:



Todas elas comparten os mesmos escenarios: a aldea, parroquia, vila e mesmo as cidades.

Para poñer remedio a tales carencias o Plan Xeral sinala como obxectivos específicos:

Procurar que as festas sexan un espazo de socialización da nosa lingua.

Incentivar a produción cultural galega e promover o consumo cultural en lingua galega.

Contemplan os espazos festivos como ámbito de difusión da produción cultural galega promovendo a incorporación de ofertas culturais diversas, alén das orquestras e as bandas.

Apunta o Plan Xeral algunhas medidas:

1.- Promover a produción cultural en lingua galega, fomentando a súa calidade e diversificación e traducindo os principais éxitos musicais de cada ano co obxectivo de incorporalos no repertorio das festas

2.- Establecer acordos cos axentes artísticos de orquestras e espectáculos para garantir a presenza do galego nos contratos, na publicidade e na relación co público e que incorporen a produción cultural galega, polos menos, nun 50% da actuación dos grupos musicais e outras atraccións nas festas populares.

PROGRAMA

I.- TOPONÍMIA

Na publicidade utilizaranse correctamente os nomes das parroquias, aldeas e lugares onde se celebren as festas.

II.- CORRECCIÓN NO USO GRAMATICAL

Porase especial coidado na utilización das normas morfolóxicas da lingua galega establecidas pola Real Academia Galega, así como nun coidado estilo.

III.- CONTRATOS

Os documentos contractuais estipulados coas orquestras, bandas de música, atraccións de feira, etc. realizaranse en lingua galega.

IV. CELEBRACIÓNS RELIXIOSAS

Porase especial énfase para que as liturxias relixiosas programadas sexan en lingua galega (novenas, misas patronais, etc.).

V.- PUBLICIDADE

A convocatoria das xornadas festivas, calquera que fose o seu soporte, serán en lingua galega, así como a sinalética que se utilice para a ocasión.

VI.- GALEGUIZACIÓN MUSICAL

Establecer unha porcentaxe do repertorio das orquestras nas versións en lingua galega, reforzándoo coas alocucións dirixidas ao público, que tamén se farán no noso idioma. Para que este obxectivo sexa vinculante aconséllase que quede refletido nunha cláusula do contrato.

VII.- SIMBOLOS DE GALICIA: BANDEIRA E HIMNO

A Lei de Símbolos de Galicia establece que a bandeira galega será branca cunha franxa azul que a atravesese desde o ángulo superior esquerdo ao inferior dereito, e que o Himno Galego terá a música de Pascual Veiga e a letra de Eduardo Pondal, admitíndose tamén como tal a Marcha do Antigo Reino de Galicia.

Dacordo con esta Lei as comisións de festas porán especial coidado para que a bandeira galega sexa utilizada correctamente, evitando usos indecorosos ou desproporcionalidade, tanto no tamaño como no uso delas en relación coa enseña do Estado.

No momento da Consagración da Misa intepretarase o Himno Galego.

VIII.- EXALTACIÓN DA IDENTIDADE TERRITORIAL

Na programación das festas fomentarse a exaltación dos valores patrimoniais (materiais e inmateriais), para concienciar á poboación e reforzar os vinculos e autoestima coa singularidade identitaria do espazo natural de celebración. As tradicións e a historia local, así como outros elementos definitorios deben ter o seu lugar no programa das festas.



160
aniversario

Casto Sampedro e Folgar

